



Resolución do 12 de decembro de 2025, da comisión que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo no Igape (Xerente do Igape), convocado por Resolución do 9 de outubro de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia número 200, do 16 de outubro.

Na sesión que tivo lugar o día 10 de decembro de 2025, a comisión de Selección nomeada pola Resolución do 22 de outubro de 2025 (DOG Núm. 210, do 30 de outubro de 2025). De conformidade co disposto na punto 8 das bases

ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a lista coas puntuacións definitivas da 1ª fase do procedemento selectivo que figura no ANEXO da presente Resolución, e facela pública no taboleiro de anuncios do Igape e na súa páxina web (<https://igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>).

Segundo.- Dado o carácter eliminatorio da primeira fase, para a súa superación as persoas solicitantes deberán acadar un mínimo de 50 puntos, polo que superou a primeira fase do procedemento selectivo a aspirante que figura no ANEXO da presente Resolución.

Terceiro.- Convocar á aspirante que superou a 1ª fase do procedemento selectivo, o día 17 de decembro 2025 ás 10:00 horas na sala D26, 2º andar, do edificio do Igape en Santiago de Compostela (complexo administrativo da Xunta de Galicia, San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña) para a realización da 2ª fase do procedemento selectivo, consistente nunha entrevista persoal para a defensa do plan de actuación da Xerencia do Igape. A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Igape e na súa páxina web (en <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto>).

A aspirante deberá presentarse á proba provista de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Deberá presentar nun tempo máximo de 20 minutos o seu plan, e responder todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade da proposta, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste punto.

Cuarto.- Contra a presente resolución poderá formularse recurso de alzada ante a Directora Xeral do Igape no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Igape, de conformidade co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2025

O presidente da Comisión

Norberto Penedo Rey





ANEXO

PUNTUACIÓNS DEFINITIVA OBTIDAS NA 1ª FASE

DENOMINACIÓN DO POSTO: Xerente do Igape

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia número 200, do 16 de outubro de 2025

APellidos, NOME	NIF	PUNTOS
MALLO MARTÍNEZ, AINHOA	***8976**	1.1. TOTAL MÉRITOS: 47,10 puntos
		1.1.1. Formación complementaria : 6,72 puntos
		1.1.2. Experiencia: 40,38 puntos
		1.2. Plan de actuación: 5,63 puntos
		TOTAL 1ª FASE: 52, 73 puntos

